

Relatos curtos

7

**contra**  
a violencia de género





**contra**  
a violencia de género

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY NC SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY NC SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:  
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

**Deseño e maquetación**

*Mabel Aquayo*

**Promove**


Oficina de Igualdade de Xénero da USC

**Edición técnica**

Servizo de Publicacións

[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

I CONCURSO DE RELATOS CURTOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO  
2012



# Prólogo

Na Universidade de Santiago de Compostela o compromiso coa equidade e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes maniféstase de forma expresa no seu Código ético e na declaración de valores que se recolle no seu primeiro Plan Estratéxico 2004-2010 e que se reafirma no actual Plan Estratéxico, vixente para o período 2011-2020.

Pero a Universidade de Santiago non se limitou a facer declaracións de intencións e puxo en marcha mecanismos para facer realidade as políticas de igualdade da institución. O Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres é o instrumento fundamental para o desenvolvemento de accións encamiñadas a avanzar na igualdade de xénero. Un dos obxectivos establecidos no plan é o de “combaten o sexismo, a discriminación e as situacións de acoso na USC”.

A violencia contra as mulleres non é só un problema doméstico ou de parella, senón que constitúe un problema social que pode darse con maior ou menor intensidade noutros ámbitos como o laboral. A nosa Universidade debe colaborar en combater esta lacra cun firme compromiso público de tolerancia cero coa violencia de xénero que se materialice tanto con accións dirixidas ao noso persoal como a través da misión docente, tendo en conta a nosa responsabilidade na formación en valores das novas xeracións.

As políticas en materia de loita contra a violencia de xénero no ámbito universitario céntranse en: *medidas de sensibilización e prevención, a difusión de investigacións* sobre esta temática e *medidas para combater e afrontar* posibles situacións de discriminación e acoso.

Recentes estudos sobre a mocidade universitaria ante a violencia de xénero indican que situacións de violencia psicolóxica ou física non son recoñecidas como tales polo estudantado, que as consideran den-

tro do comportamento normal de parella. Estes preocupantes resultados son unha mostra de que a violencia de xénero non é unha realidade allea á nosa comunidade e pon de manifesto a importancia da posta en marcha de accións de sensibilización e formación no ámbito universitario.

Juan J. Casares Long

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

# Presentación

Con motivo da conmemoración do *Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres*, a Universidade de Santiago de Compostela, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, convocou o *I Concurso de Relatos Curtos contra a Violencia de Xénero* en outubro de 2012.

Esta iniciativa foi dirixida ao alumnado, co obxectivo de fomentar a súa formación en valores como a tolerancia cero á violencia de xénero. Cabe destacar que a convocatoria tivo un considerable grao de participación con 105 relatos presentados.

Queremos agradecer a valiosa colaboración do xurado –composto por Teresa Moure Pereiro, Manuel Núñez Singala e Manuela Palacios González– que seleccionou os sete relatos finalistas e, entre eles, concedeu un premio e tres accésit.

Coa difusión desta publicación facemos partícipe a toda a nosa comunidade universitaria desta actividade de sensibilización contra a violencia de xénero.

# Índice

**1º premio.**


- 13 **A muller do escritor.** *Ismael Ramos Castelo.* Estudante de Grao en Lingua e Literatura Españolas

**Accésit:**

- 21 **Presentimento.** *Adriana Grela del Río.* Estudante de Grao en Filoloxía Clásica
- 27 **O Príncipe herdeiro e o medio dragón.** *Ignacio Nicolás Fernández.* Estudante de Grao en Lingua e Literatura Inglesas
- 35 **Trocando a realidade.** *Julia Ammerman Yebra.* Estudante de Grao en Dereito

**Finalistas:**

- 43 **Poluta.** *Olalla Liñares García.* Estudante de Grao en Xornalismo
- 51 **Un sol de media noite.** *Luís Miguel Martínez Agulleiro.* Estudante de Grao en Medicina
- 57 **A saudade da libélula azul.** *Javier Sánchez Álvarez.* Estudante de Grao en Economía



# 1º premio

A muller do escritor

*Ismael Ramos Castelo*

Estudiante de Grao en Lingua e Literatura Españolas

*Ismael Ramos Castelo*

Estudante de Grao en Lingua e Literatura Españolas

*Entre nós os momentos de profunda tristura son tan frecuentes que non podo distinguila do amor.*

Anne Carson.

“Non son eu. É outra quen sofre. Eu non o soportaría” escribiu Anna Akhmátova. O truco está en saberse outra en todo momento. En non pensar.

Eu estudaba ruso. Marcas vermellas sobre a carne branca. Son símbolos comunistas, dixo el ó día seguinte de apareceren. O comunismo doe. Marcas violetas sobre branco. O comunismo é unha mestura do meu sangue e a súa tinta. Eu estudaba ruso, non política. É outra quen sofre. Sempre é outra. É outra quen sangra. A dor non me pertence. Non a min. A dor é parte da ficción. O golpe. A dor é de todos.

Cando se senta no despacho o silencio dáme medo. O silencio como un neno en brazos. A fragilidade do seu sono. O silencio respira a través das teclas

do seu ordenador. Trémeme os dedos e xiro a cullerriña do café sen tocar no fondo, sen rascar o fondo. O son da porcelana rabuñaría o silencio, espertaría. Espertar o silencio é espertar a criatura. O escritor vive no silencio. Eu penso en Jane Austen. Ela non precisaba silencio. Será que a súa obra é máis arriscada, moito máis arriscada? Será que eu estou na súa obra? Será que a súa obra se escribe sobre o silencio? Apenas tomo café polas tardes. Apenas respiro. Polas tardes son silencio.

Pola mañá marcha cedo. Bícame na boca antes de poñer o abrigo e sorrí. A min gústame cando sorrí e me acaricia a meixela paseniño, coma se fora unha nena, esvarando. Pola mañá érgome antes ca el e maquillo a desfeita. Toda a desfeita. A min gústame se me bica. Aínda que doia o labio partido. A dor é de todos. Eu sei que a el tamén lle doe. Que lle doe aínda máis que a min. Que é culpa da novela, que todo é culpa da novela. Non importa, dígolle eu pola mañá se me doe. E el volve sorrir. O importante é que sorría.

Cando non está leo o que escribe. El non o sabe. Gústame o que escribe. Escribe ben. Ás veces eu estou aí. En pequenos xestos. No xeito no que a protagonista deixa caer as pestanas, no modo en que agarra a cunca coas dúas mans. Estou incluso na descrición da paisaxe unha mañá de inverno, sei que estou aí. El pensa que son fermosa e por iso estou aí. Beleza é verdade, escribiu Keats. El tamén me gusta. E o que escribe. Eu son parte do que escribe.

A maioría do tempo non pasa nada. Almorzamos. Vemos películas máis ou menos aburridas. Falamos do aburrida que era a película, da súa grande achega artística. Lemos entrevistas a autores que nos gustan. Discutimos sobre entrevistas de autores que non nos gustan. Organizamos ceas para os seus compañeiros de traballo. Fumamos. A maioría do tempo non pasa nada. A nada non pesa, reconforta. Na nada apenas existo. O problema ven co algo. O argumento é o realmente complicado. Os momentos nos que a trama se move.

Cando pasa algo o estómago encóllese e os meus ollos xa non son meus. O meu corpo xa non é meu. Son outra. Son a da novela. É a protagonista da novela quen cae. Quen bate na esquina do escritorio. Un imponente escritorio de carballo. Ela acaricia a súa esquina delicadamente. O tacto reconfortaa. É ela quen bate. Quen sangra. E o seu sangue é quente. Podo velo. Podo sentir a súa temperatura. Pero xa non son eu, xuro que non son eu. Só a beleza é verdade.


E poida que haxa beleza no accidente. Despois el escribirá sobre o accidente e eu lereino. Poida que a caída fose dramática de máis, comentareille ó día seguinte, omite a caída. Céntrate no sangue, na súa cor, na temperatura. Ela sinte a calor. Porque mentres ese corpo cae sei que non é meu, que é da novela. E sei tamén que non son eu a quen berra. El bérralle á falta de silencio, ó argumento, ás palabras. E as palabras que di non entran na novela, por suposto. Na novela estou eu. El só mira e turra pola trama. A trama ten puntos específicos que doen. Dous na fronte. O capí-

tulo do despacho, cando a protagonista entra no cuarto e despois de discutir con alguén cae desmaiada. Dous puntos na fronte. O narrador é omnisciente en terceira persoa, por iso sei que non é a min a quen berra. Non son eu a inútil.

E a novela será extensa. Os folios acumúlanse e a min dóeme o corpo de ser a outra. Son unha obra mestra. Branquísima e chea de marcas. Son unha obra mestra.

Hai días nos que temo que non haxa un final. Días nos que todo se mestura e non lembro como traducir do ruso, porque de súpeto son ela, tan louira e golpeada. Días nos que me anico detrás da porta do despacho e escoito sen pensar en nada. Entón el veme cando sae e anícase comigo e choramos porque teño medo, os dous sabemos que teño medo. Beleza é verdade. Hai beleza no medo da muller louira, no meu corpo tendido no corredor sobre o del, chorando.

Hai días nos que temo que non haxa un final, outros nos que me digo que oxalá non remate nunca, que quen son eu, sen el, sen ela. Que quen son eu.





# Accésit

Presentimento

*Adriana Grela del Río*

Estudiante de Grao en Filloxía Clásica

*Adriana Grela del Río*

Estudiante de Grao en Filoloxía Clásica

Todos están alí, entran cando lles din que entren, escriben cando lles din que escriban, xogan cando lles din que xoguen, cantan, len, pintan, corren, tocan, saltan, suman... nós, invisíbeis, facemos o que fan eles, entramos cando eles entran, escribimos cando eles escriben, xogamos cando eles xogan, cantamos, lemos, pintamos, corremos, tocamos, saltamos, sumamos... imitámolos para non aborrecer, pero a nós, invisíbeis, non nos din nada. Debemos ser coma as pantasma da tele.

Eu son Alba, teño sete anos, e xa estou na escola de verdade, a de maiores. Agora xa collo no autobús, non vou á que está ó lado da miña casa e na que eramos só oito, nesta hai moita xentiña coa que xogar. Gústame a palabra xentiña, así nos chama a avoa cando nos xuntamos para xogar o día da festa, eu penso que non é quen de acordarse de todos os nomes, ás veces ata se esquece do meu. Estou moi contenta de cambiar de escola, ben, a esta chámanlle

colexio pero a min esa palabra non me sae, non sei se está ben ou non chamarlle escola como lle chamaba á outra, pero eu dígoo así.

A súa profesora é moi lista e alta, eu quedei abraiada o primeiro día que a vin, nunca vira muller tan grande. Aquí todos teñen os mesmos anos, non coma na outra escola. Esta semana ensinoulles a sumar, é complicado pero aínda así entendérono á primeira, polo menos ningún dixo nada cando lles preguntaron se todos o entenderan. Eu xa sabía, que me ensinara o avó na casa, dixérame que para saber xogar ás cartas había que saber sumar e eu esforzárame moito en aprender, que eu xogo moi ben ás cartas, ata lle teño ganado algunha vez. Aínda así, tiña unha dúbida, a min o avó dixérame que cando sumaba mais de dez tiñas que levar unha e esa tiñala que marcar levantando un dedo para non esquecerte, a profesora pola contra, a eles explicoulles que se apuntaba ó lado do número, mais como a nós non nos preguntou se o entenderamos eu tampouco dixen nada. Na casa

mamá dime que non conteste se non me preguntan, eu son moi faladora, pero acordeime e non contestei, quedei calada, xa llo preguntarei ó avó.

Ás doce soou a serea e despois de acabar de explicar, a eles mandounos ó recreo, nós fomos tamén, métemonos polo medio, sempre o facemos. Non sei se está ben ou non porque mandar non nos mandan pero por agora non nos dixeron que non o fixeramos. A min gústame xogar coa pelota tanto coma xogar no tobogán, pero eles sempre a collen antes, e ata se pelexan! Cando entraron, e tamén fomos nós, claro, sentámonos e empezou a clase de lectura. Xa todos estaban sentados cando lle mandou ler a Paula. Ás veces fai cousas así, está falando con eles e mándanos as tarefas a nós tamén, é raro pero nós facémoslle caso. Paula estaba lendo cando de repente a xigante, como lle chamaba eu á profesora cando pensaba, se enfadou porque non esperaba os dous segundos das comas e os tres dos puntos. Dixo que todos tiñan que practicar máis e que esa non era forma de ler con sete anos. Eu

non entendín porque lles dicía iso xustamente cando non estaban lendo, debía ser que tiña poderes ou ó mellor acordoulle de dicilo agora, que onte Andrés tamén leu fatal.

A agulla do reloxo que estaba encima do encerado por fin chegou a poñerse apuntando cara abaixo e saíron eles, esta vez correndo. Eu quedei sentada aínda que as outras saíron tamén. Estaba xa farta de desobedecer e pregunteille á profesora se nós, as nenas, tamén podíamos saír. Ela díxome, despois de mirarme raro, que era evidente que si, que cando dicía “todos” eramos “todos”. Eu non entendín a resposta.



# Accésit

O Príncipe herdeiro e o medio dragón

*Ignacio Nicolás Fernández*

Estudiante de Grao en Lingua e Literatura Inglesas

*Ignacio Nicolás Fernández*

Estudante de Grao en Lingua e Literatura Inglesas

Cando as clases remataban, a súa impaciencia por ver a seu pai facíalle correr ao límite das súas pequenas pernas. Aínda que para el non eran clases as que remataban, senón a instrución militar e loxística que un mozo herdeiro ao trono necesitaba. Tampouco eran a súas perniñas as que sufrían a velocidade da súa impaciencia, para el, un corcel branco, novo e forte, acercáballe velozmente ao seu obxectivo.

O seu pai, rexente do reino, prostrado nos apouentos reais, agardaba a morte. Aínda que esta noticia a escoitara da súa propia nai, confiaba en descubrir o seu oculto poder, a maxia branca que todo príncipe debe ter, para con ela axudalo. Brincou do cabalo, penetrou polas portas do castelo e atravesou o edificio. O Rei durmía profundamente. O rostro branco e húmido reflectía certa loita, certa tensión. O Príncipe colleulle a man e comezou a recitar un novo conxuro en voz alta. O enfermo espertou, abriu lixeiramente un ollo e

sorriulle ao seu fillo. O neno bicouno e marchou feliz, coa certeza de que, por fin, o seu poder brotara e que seu pai melloraría. O Rei non superou aquela noite.

Durante tres largos meses a cor gris conquistou o reino do pequeno Anxo. A maior parte dos días o ceo choraba xunto a el, compartindo a dor, abrazados como dous grandes amigos. Dor que, lonxe de ser unha profunda crise pasaxeira, era o presaxio de algo peor.

A entrada dunha nova figura masculina ao castelo non lle facía graza ao rapaz que vía nos ollos dese corpulento home certo grao de maldade. O rapaz estaba no certo. O reino pasou de sufrir unha larga temporada de choros para sumirse na máis profunda das tebras. Pouco a pouco o novo compañeiro de súa nai, rexente doutro reino do imperio, pretendía arrebatarse o que non lle correspondía. Decidía en todos os aspectos do palacio; o que ían comer, os vestidos da Raíña, se o Príncipe podía ou non falar e se podían ou non saír da casa. A Raíña non parecía darse conta.

Unha noite, aproveitando a ausencia do home, Anxo preguntoulle a súa nai a razón da maldade:

- Non é malo , Anxiño, é so que traballa moito...

A noite transcorrera tranquilamente para o Príncipe, até que o estalido provocado polo cerrar das bastas portas do castelo o espertou sobresaltado. O fedor do xofre inundou os aposentos do herdeiro e os seus ruxidos reproducíanse en forma de eco no interior dasúa cabeza, a pesar de protexela con insistente forza coas súas pequenas mans. Esa noite non conseguiu durmir.


Á mañá seguinte, unha razón para a orixe da maldade do agresor tomou forma para o Príncipe. O rapaz lera historias dalgunhas persoas que tiveran dragóns por pais e mulleres por nais. Sen dúbida, este home era un medio dragón. Era grande, forte, de pel vermella e sobre todo o alento cheiráballe a lume. Agardou hasta a hora da súa instrución diaria, escondido nun pequeno armario en fronte á porta dos aposentos reais, co obxectivo de corroborar a súa nova teoría. Só

saíu súa nai para acompañalo. Despediuno cun bico e pediulle desculpas por non prepararlle o almorzo.

Ao chegar de novo a casa, atopou unha esperanzadora sorpresa. Os Cabaleiros Imperiais Azuis, encargados de salvagardar a tranquilidade en todo o Imperio, estaban na súa casa, seguramente para levaren o medio dragón. Para sorpresa do Príncipe, o monstro parecía máis humano que nunca. Tras a aparición dos Cabaleiros Imperiais, as cousas en palacio puxéronse aínda peor. A furia do inhumano ser acrecentouse. Os seus golpes agora marcaban a súa nai e incluso o propio Anxo recibía asiduamente fortes golpes na cabeza. Tal vez por medo a morte do herdeiro, pensaba Anxo, unha noite nas que o medio dragón saía a cazar, a súa nai lle dixo que se oía ruídos que se ocultase debaixo de cama. Para Anxo, debaixo de cama era un gran alxube.

O tráxico desenlace non se fixo esperar. Esa mesma noite, os ruídos volveron espertar ao neno. Rapidamente colleu un xoguete, una simple espada de plás-

tico, que para el era nada máis e nada menos que a espada mata dragóns, unha herdanza familiar antiquísima. Ficou uns segundos con a espada en alto, mirando atónito a porta do seu cuarto e foi refuxiarse ao seu novo escondedoiro. Dende alí oíu os golpes cada vez máis fortes, acompañados de vibracións de dor e angustiosos choros. Invasado de valentía e bravura, saíu do alxube, pronunciou as mesmas palabras máxicas que fixeron sorrir ao seu pai a noite da súa morte, e berrando, cruzou todo o castelo na busca daquel monstro.





# Accésit

Trocando a realidade

*Julia Ammerman Yebra*

Estudante de Grao en Dereito

*Julia Ammerman Yebra*

Estudiante de Grao en Dereito

Vaia, esquecera os lentes de sol. Estaba acostumado á choiva e non se esperaba tal despilfarro de luz. Sacou os cascos e descubriu que estaba roto o cable que os unía ó ipod. Hoxe non era o seu día. “Bo día Francisco”, dirixiuse ó marido de Rosa, que entraba no patio do edificio. El mirouno de esguello pero deseguida baixou a vista. Cuspiu un ola, ía corcovado e como con ansiedade no corpo. Manuel ata se atreveu a pensar que se lle escapara medo nesa curta mirada. Igual se debía a que ía cargado de bolsas das que asomaba dende froita ata potitos de neno, deterxente e compresas. Deixaríanlle marca nas mans, segurísimo. Para marcas a súa cara. Vaia desfeita, e non só pola barba. Era unha especie de cadro experimental, coma se un gato pasara por enriba dela, rabuñándolla e dándolle algunha que outra pisada.

De camiño á redacción pasou por Correos, que estaba en obras. Foi entón cando oíu un asubío que pro-

viña da parte alta da estada e unha frase dirixida a el, “vaia cuíño”. Manuel non contestou, mirou para o chan e apurou o paso, incómodo. Chegou á redacción e atopou na súa mesa un post-it da xefa: caso Hussain. A el correspondíalle sucesos, por que lle metían noticias de internacional? Mirou para o encargado desa sección, e viu que non estaba na súa mesa. Outra vez, pensou. Facéndolle recadiños á xefa. Por que aceptaba os requirimentos desta? A última fora unha emboscada nada mal discurrida: despois de mandarlle ir á rolda de prensa que o embaixador de Libia dera no Hotel Porta do Camiñante invitouno a subir a un cuarto. Ela, que xamais acudía ás roldas. E Xavi parecía preferir iso a ver en perigo os seus ingresos e as clases de música e pintura dos seus fillos. Pero o peor era que despois na redacción non paraba de humillalo, de facerlle ver que pouco sabía de xornalismo, que el onde tiña que estar era conducindo camións, varrendo beirarrúas e limpando cristais.

“Hussain, outra morte por lapidación en Sudán”. Manuel rematou rapidamente o breve e pasou á súa sección. De novo roubos na Catedral , Universidade e Hospital. Ultimamente só había roubos. Ah, e mortes: vítima número 51 no que va de ano. “Morre a mans da súa parella, no barrio veciño da Congoxa”. Sentiu un pouco de compaixón polo feito de que era tocaio.

Mercou uns cascos novos, volveu para casa e nada máis entrar pola porta escoitou esa sinfonía de gritos e golpes, era Rosa. “Non vales unha merda, quita de aí... que non me valen os choros, que quero que arranxes esa porta que renxe e que saibas que o deterxente que compraches non vale, que non te decatás... ademais estás feísimo con esa barba, parece parvo ”. Foi pechar a ventá para ver se así lle paraban de perturbar esas incómodas frases, pero era tanta a luz que non atopaba o mango da ventá, non era capaz de manter os ollos abertos, picábanlle, molestáballe tanto esa maldita luz...

Espertou

Suaba. Tiña unha sensación de vertixe que non podía con ela. Coma a que se sente cando baixas dunha montaña rusa despois de ver o mundo do revés. Que horror.

Púxose os novos cascos antes de saír de casa, non quería esquecelos e ademais precisaba relaxarse, a ver se coa música lograba fuxir desa sensación de desacougo que lle producira o soño. Soño, por certo, do que pouco lembraba. Só que era iso, incómodo.


Manuel saudou a Francisco, que xa volvía do seu paseo con chupito matinal e co Marca baixo o brazo.

Sen saber moi ben por que, suspirou aliviado cando pasou ó lado dos obreiros de Correos e estes nin se inmutaron.

Na redacción o xefe parecía andar de bo humor, seica tiña unha nova reporteira de internacional. A anterior marchara, e o por que levárao con ela.

De volta, cando entraba no patio, cruzouse con Rosa. Tan asustadiza coma sempre, murcha, cos ollos afundidos e a cara medio morada.

Manuel sentiu un alivio repentino. Todo volvera á normalidade. A través das súas Ray-Ban mirouna por última vez. Que muller tan rara.





# Finalista

**Poluta**

*Olalla Liñares García*

Estudiante de Grao en Xornalismo

*Olalla Liñares García*

Estudiante de Grao en Xornalismo

A)

Camiñaba oblicua contra a vida da cidade. Desafiaba calquera xesto que subestimase a súa enteireza. Aquela primeira mañá chegaba cun só pendente e as bragas da véspera latexando no bolso. Descomposta, delatada. Pero entre a xente diaria abríase paso coa mirada máis digna coa que unha muller pode dicir “non estou perdida”.

E claro que no o estaba, porque é imposible perderse cando non se vai a ningunha parte. Buscaba a perfección, sen matices, pero tanta ambición de vitalidade volveuna inmune a distinguir entre o abismo e o clímax. Subida a un escenario frívolo e voluble onde cada xornada era un novo acto e uns novos personaxes. Protagonista dun drama onde a sátira se volvía en contra de quen a promulgaba. Dentro de si funcionaba unha cabeza cada vez máis louca, pero non gardaba nada máis abaixo, no peito, co que puidera sentir bombear a felicidade.

Así era ela, a primeira muller que me ensinou a retorcerme de pracer e despois seguiu espallando o seu néctar de pel en pel. Con vinte estaba disposta a cambiar o mundo a cambio do que fose. Pero agora, cos corenta á porta, o mundo cambiáraa a ela a cambio de nada. Só conservaba aquela dureza coa que a súa presenza inundaba os espazos, esa capacidade de cubrir cun pano negro toda a podremia que consumía o seu interior. E a luz plácida do seu salón, que envolveu o meu corpo nunha mañá de outono. Ela tornou cándido un amencer que agoiraba pensamentos grises de culpas e vergoñas.

Aquela noite eu deixárame cativar pola melancolía dun paseo sobre pedra mollada. Deambulaba ó son das pingas frías que esmorecían na superficie roída. A sequidade da lingua e do cerebro reclamaba un grolo que espantase a racionalidade. Antollóuseme un local cotroso e escuro onde ó entrar che aplicaban o abateamento intravenoso. Dentro miradas brillantes e perdidas buscaban un antídoto no fondo dos vasos, na irrealidade das conversas. E vomitaban traumas acu-

mulados contra os oídos dun barman que ben podería ter o título de psicólogo, se non fose porque non tiña nin idea de psicoloxía.

Pouseime nunha mesa situada no fondo, ó igual que todas as mesas daquel lugar. Mentres percorría o local advertín como aqueles ollos melosos analizaban a miña presenza. Sentín como se me chantaban na noca e como eu os deixaba invadir todo o meu sistema nervioso. Inquietábanme e excitábanme á vez. As curvas que tantas veces sentira vibrar na rúa avanzaban agora cara a min coma unha serpe.

Cando recuperei a lucidez estaba sentada no seu sofá sobado e murcho. A conversa comezara había tres horas, a lascivia quizais dúas horas media. Nunca antes se me fixo tan intenso o camiño previo ó pracer absoluto. Desexábaa dun xeito enfermizo. Unha por unha, as súas palabras descendían cada vez máis preto do meu eixo sensorial. Naquel momento a miña mente fixo “click” e quixo recuperar a cordura. Mais había tempo que perdera o temón. A miña carne navegaba

sen rumbo no medio dunha ondada revolta pero gustosa. Deixei-me ir e esvarei entre o seu corpo ata que me venceu o esgotamento.

Foi vulgar, lúgubre, bárbaro. E aquela mañá, naquel salón, non puideren reprimir as bágoas. Non era un chorar de arrepentimento. Nin sequera era un chorar, era unha emoción. A emoción de topar con algo ó que non sabes como enfrontarte unha vez que xa o venciches. Sentín coraxe e saín á rúa e seguín vivindo.

B)

Esta noite penso naquela muller da que nunca cheguei a saber nada, nin sequera o seu nome. O único que coñecín foi a súa pel e o misterio que atesouraba. Volvo agora a todas as mañás nas que lle puxen vida e identidade a aquela alma perdida que me violentaba. E a aquel crepúsculo turbio no que transgredín o pudor e rocei a desorientación. Algo estivo apunto de descarrilar se non fose porque xusto entón apareceu Ricardo. Chegou el e a súa sensatez, a súa moderación, os seus proxectos de futuro. El e a súa estabilidade, os

seus pes na terra, o seu camiño correcto. Rematou o deixarse levar. Rematou o pracer. Chegou a comodidade. A rutina. E os lazos. E as cadeas. E os xugos. E as marcas.

Na escuridade penso se a súa cama fría estaría tan conxelada coma esta. E se tamén a abafaba deste xeito. Cavilo en se algunha vez lle doería espertar, se saberá o que é deitarse cun monstro. ¡Ela que ten durmido tanto!

Hoxe volvina ver na rúa despois duns cantos calendarios. Pisaba firme cada pedra vella con aquela mirada fortificada. Semella igual que naquel outono aberrante. Conserva esa áurea enigmática indescifrabile. Segue sendo unha pintora cega e expresionista, que vai creando enriba das liñas caducas. Esborranha, sen pensar no significado, deixando saír as pinceladas desde dentro, improvisadas, desordenadas. Non observa a perspectiva, nin a forma, nin a cor, nin o resultado.

Eu empéñome en pintar un cadro coa paisaxe máis preciosa e harmónica. Unha realidade feita por en-

cargo. Cunha pincelada limpa, retoco as liñas que se torcen, os desequilibrios, os erros cromáticos. De cando en vez maquillo os arrebatos que tinguen o meu lenzo dun negro corrosivo. Elixín acollerme ó amparo dun mecenas e caín na servidume. Con vinte estaba disposta a aventurarme en calquera dos ismos vangardistas. Pero agora, cos corenta á porta, a miña vida tornou hierática, canónica, clásica.



# Finalista

**Un sol de media noite**

*Luis Miguel Martínez Agulleiro*

Estudiante de Grao en Medicina

*Luís Miguel Martínez Agulleiro*

Estudiante de Grao en Medicina

Despois da sétima puñalada non se sentía tan home como antes da primeira, e á altura da vixésima coitelada xa non era tan persoa nin tiña a dignidade suficiente para ser considerado un animal. Marta rematou de morrer aquel día, pero aínda tivo tempo de sorrir antes de caer para sempre sobre a alfombra do corredor. Daquel momento non quedaría máis que a silueta do seu corpo definida con fita branca no chan e o penetrante olor a óxido que escapou da súa boca para residir indefinidamente nas paredes. O seu paso pola vida resumiríase con catro palabras totalmente ocas: morte por arma branca. Non foi necesario que lle abrisen o tórax, nin o abdome, nin que lle fixesen ningunha análise para determinar que marchara deste mundo por mor de trinta e dúas navalladas, catorce das cales resultaron fatais. Se o fixesen quizais descubrirían que, baixo o coiro da súa pel, os seus ósos deixarían de ser duros e brancos para transformarse en

axóuxeres de cobre a base de golpes e labazadas, o que explicaría tamén o ruído tan sumamente silencioso que facía ao camiñar e do que ninguén daba conta porque non consideraban que fose o seu problema.

O mozo de Marta marchou tan pronto como se puido ver reflectido na súa pupila. Escapou correndo do seu sorriso feliz sen saber que aqueles beizos nunca estarían bastante lonxe do seu pensamento. Catro días despois, mentres as chamas devoraban os botóns negros da mortalla e as unllas limpas de Marta se calcinaban no crematorio, atopárono tombado nos asentos de atrás do seu coche, aboiando na atmosfera alucinóxena do seu martirio, cunha bágoa a piques de caer dende o seu nariz. Resultaba case poético ver aquela pinga púrpura devalar polo seu tabique nasal, debaténdose entre caer ou permanecer apegada á epiderme rosada daquel asasino, pero o máis irónico era pensar que todo aquilo estaba preparado de antemán, que tres días antes de coller o coitelo e cravarllo trinta e dúas veces no torso fora á ferraxaría a mercar catro metros

de tubo de polietileno, que quince minutos antes de chegar á súa casa fora encher o tanque na gasoleira do final da rúa e que no instante mesmo no que o fío de metal atravesaba a súa carne estaba pensando en que se ía suicidar. A primeira en atopar o cadáver foi a súa irmá pequena, quieta no marco da porta, a escasos cinco pasos da poza de sangue dourada que se formara baixo as súas costas. Foi quizais froito da conmoción, que dun golpe deixara á rapaza sen posibilidade material de respirar, pero o certo foi que mentres espetaba a súa mirada nos vermes brandos que xa saían das feridas abertas sorprendeuse de que Marta, non precisamente a súa irmá Marta, senón unha Marta nova e intanxible, unha especie de constelación gasosa que respondía mentalmente ao nome de Marta pero que no fondo non era Marta, ergueuse na metade do corredor, quitou os zapatos e, con coidado de non manchar a alfombra, camiñou devagar ata a ventá do salón para escapar por sempre cun estrondo de bolboretas. Tan pronto como o último insecto se despe-

gou das cortinas chegou a súa nai, e a irmá pronunciou a única frase posible: “Marta xa non está”.

Unha hora e media despois daquela sentenza indiscutible, toda a vila sabía o que pasara e trece persoas xa se achegaran ata a porta movidas por certo impulso morboso. O que descoñecían era que ese día só foi o final dunha longa cadea de semanas nas que Marta foi morrendo pouco a pouco, pois comezara a agonizar moito antes dos golpes e das labazadas e, por suposto, moito antes das coiteladas. Comezou a morrer sete meses antes, cando o seu mozo lle dixera que o vestido de sesenta e dous euros que mercara para iren xuntos a cear lle quedaba mal, que a facía gorda e que non saíría así con ela. Comezou a morrer con cada perdón que lle pedía despois de insultala. Comezou a morrer con cada insulto que lle espetaba despois de perdoalo. Comezou a morrer por mor das palabras, porque hai cousas que feren moito máis que as puñaladas.



# Finalista

A saudade da libélula azul

*Javier Sánchez Álvarez*

Estudante de Grao en Economía

*Javier Sánchez Álvarez*

Estudiante de Grao en Economía

Anos despois, enfronte daquel grupo e parcialmente oculto tras o atril, Iago non puido evitar recordar por primeira vez en moito tempo aquela ocasión na que o seu pai o levou á fraga. Viñéronlle á mente os suaves cantos dos pardais mentres camiñaban entre carballos centenarios, coa luz deslizándose como unha serpe iridescente por entre as copas. Na pura humidade do aire podía ulir a proximidade do río que corría por alí, e a inmediata chegada do outono viña anunciada polo areoso ton do chan cuberto de follas e fungos.

–Oíches, Paxaro, viches aquel cabaliño do demo que pasou por alí?

Por aquel entón aínda lle chamaba Paxaro, recordou con certo agarimo. Non pasarían moitos meses ata que aquilo cambiara.

–Non, non vin. de que cor era? Non sería azul, non? –dixera cun sorriso.

A lago encantábanlle aqueles insectos fráxiles e fugaces que parecían desaparecer no aire como por arte de maxia. O propio nome que lle daban parecía potenciar o misterio que os rodeaba.

—Era, era. Se tes sorte aínda vemos outro antes de volver. Queres coller tamén unhas poucas castañas? Cerca de aquí hainas espesas, e se queres podemos facelas para mañá ou para o luns.

—Paréceme xenial! Oe, Papá, e por que as castañas veñen tan protexidas? Se caeran directamente sen nada serían moito máis fáciles de coller!

O seu pai rira con aquel ton que o tempo e os feitos chegaran a borrar da súa memoria. Recordou de pronto a súa semellanza co incesante repicar da chuvia sobre as tellas nunha escura tarde de domingo, e deu-lle un arrepío.

—Pero que parvadas dis a veces, rapaz. Da castaña pode nacer unha árbore, e se non tivera ningunha protección todos os animais a comerían. A vida compite pola vida, e a natureza adáptase para sobrevivir. Ala,

deixa de pensar en cousas tan raras e axúdame a coller unhas poucas para a casa. Cando as vexa a túa nai vaise poñer como unha tola, xa o verás. Vanlle encantar!

Sacudiu a cabeza. Resultáballe moi estraño recordar xusto aqueles momentos de tanta felicidade co seu pai diante de persoas que pasaron polo mesmo ca el. E máis co que fixo. Menos de dous anos despois matouna coas súas propias mans, a sangue frío. E despois suicidouse. Coma un covarde, deixándoo só. O peor era que non sabía moi ben por que, pero non podía quitarse da cabeza aquel día. E canto máis pensaba nel, menos odio lle tiña, e máis o botaba de menos. Non era porque quixese de volta á besta salvaxe na que se convertera, nin porque esquecera o que fixo. Era outro tipo de morriña, máis profunda, máis doente. A sensación de que aquel día puido chegar a repetirse moitos anos máis, incluso naquel mesmo momento, pero non o fixo. A saudade dos que ven como o futuro se vai desganduxando fío a fío ante os seus ollos, sen poder deter unha soa man alzada, sen

poder bicar outra vez aquela barba negra como a noite coa que tanto xogaba de pequeno.

Preguntouse por un momento que demos facía alí, botando de menos o asasino da súa nai, a punto de dar un discurso para que todo o mundo coñecese a pérfida cara oculta do seu pai. Pero aquel non era o seu pai, nin sequera a súa sombra. Non importaba por que o fixera. Tampouco cando, como, nin con que. O importante é que o fixera, que renunciase ó último que lle quedaba de humano antes de transformarse nunha besta inmunda para sempre. Por un momento pareceulle sentir un daqueles abrazos que lle daban os dous á vez, cheos de risa e amor, cos que tanto soñara pouco despois de que pasara todo. Mirou as caras do público sentado nas butacas. Quizais non merecían escoitar só a parte mala. Quizais debía contarlles tamén as cousas boas que viviron xuntos, para que a súa memoria non morrese como fixeran eles dous, con tanto odio e sen sentido. Non podía perdoar ó monstro no que se converteu o seu pai, e non podía permitir que

ninguén esquecese o que fixo, pero polo menos tiña que intentar que non volvese a ocorrer. Pero para iso tiña que facelo distinto. Tomou unha decisión, e de pronto pareceulle que a presión que lle apresaba o corazón calmábase.

Anos despois, enfronte daquel grupo e parcialmente oculto tras o atril, Paxaro non puido evitar recordar por primeira vez en moito tempo aquela ocasión na que o seu pai o levou á fraga. E cos ollos escintilantes rachou o papel que tiña nas mans, e comezou a falar cun pequeno sorriso de esperanza.





FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE investe no teu futuro"



XUNTA  
DE GALICIA